


DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA. Nº 11

XANEIRO 1987

DORNA : Expreión poética galega. — Maio, 1981 — . — Santiago de Compostela : Asociación Cultural Dorna, 1981 — . — 30,24 cm. : il. — Periodicidade irregular. — A partir do n.º 8 (1985) editase polo Servizo Central de Publicacións da Xunta de Galicia e polo Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. — D.L. C. 94-1982. — ISSN 0213-3806 = Dorna.

869.9 "19"

© Universidad de
Santiago de Compostela

IMPRIME: IMPRENTA UNIVERSITARIA
Campus Universitario
Pabellón de Servicios

EDITA: SERVICIO DE PUBLICACIONES
DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Campus Universitario

Depósito Legal: C-94-1982

ISSN: 0213-3806

Xaneiro - 1987

CATRO XERACIÓNS CO MESMO FADO CRUEL

Manuel Rodríguez López

A Montse empezou a ser mulleriña en Vilaseca, preto de Barcelona, xogando coas amigas do seu tempo nas prazas e rúas da cativa vila; compangando os estudos de música cos de cultura xeral; oíndo, a carón da lareira, os estarrecedores feitos da liorta fraticida...

Rematada aquela sanguíñenta guerra, que ela non atinaba a comprender, logo chegou o día do retorno á Cidade Condal; pero a Montsiña inda tardou en se decatarse das razóns da moradía naquel "refuxio" escolmado polo pai para librala familia dos estragos e fames da cidade e, a pesar da lixeireza con que ruaron os tres anos da súa vida rural, estrañaba o alborexar das primeiras vivencias no pobo montesí.

No seu novo fogar en Barcelona, botaba de falta as corredelas por agros e veigas e as camiñatas ó cumo do monte para, dende alí, abranguer cunha ollada o cativo pobo e ducias doutras vilas que se enrestraban ata o horizonte.

Na Gran Cidade non podía barullar por rúas e prazas, choutando algareira á saída da escola coas amigas; a cidade era fría, un ir e vir de xentes silandeiras, pechadas nas súas cavilacións, que non falaban con ninguén; homes, mulleres, mozos e mozas en contino rebumbio camiño das fábricas, das escolas, dos comercios, das oficinas...

O trafego cinguíao todo, dominábao todo, apreixábao todo. A Gran Cidade é o reverso da liberdade, da ledicia de vivir, respirar, ollar, correr e inclusive cantar. Soamente na aldea os picariños son ceibes. Os paxaros non aniñan nas cidades porque eles ben se decatan que alí todo é tristeiro, enxordecedor e contaminante.

"Sempre que podo -díxome a Montse- vou de visita por aqueles eidos. Teño moi boa acordanza das xentes, do cantareiro regato, das campás da igrexa á hora do Anxelus. Vou camiño da vellez, teño aturado toda clase de atrancos e só naquel lugar atopo acougo para as miñas dores".

Mediados os corenta, a Monstsiña sentiuse, por primeira vegada, vencellada á capital catalana. Andaba nos dezasete cando coñeceu o Delmiro, adonándose dela un aquel que arrombaba os seus degaros de troula e liberdade nos campazos e camiños abertos de Vilaseca, por un sentimento novo.

Pero os tempos eran de oscurantismo. E a Montsiña, derradeira filla dun matrimonio da clase media, con tódolos prexucios relixiosos e de caste daqueles intras, sufriu as gadoupas dun paternalismo túzaro.

A nai decatouse axiña do apego que xermolaba entre o Delmiro e a súa filla. El era un obreiro galego e a Montsiña estaba para rematala carreira de mestra. Había que tornar aquela amizade. A súa filla era merecente de mellor porvir.

"Dende a fiestra da miña casa -confesoume a Montse, afervoadada como se de un feito recente se tratara- falabámo-lo Delmiro e mais eu, pois viviamos fronte por fronte. Ás veces o noso parrafeo ficaba truncado pola teima da miña nai; outras dabámonos por conformes cunha ollada..."

“Os domingos cadrabamos –por un casual– na igrexa de Santa Ana para oír a Misa Maior. Eu ía coa miña irmá máis vella e o seu home (soamente eles comprendían as nosas inquiredanzas) e, á saída da función relixiosa, o Delmiro engadíase a nós e virabamos cara ás Ramblas en dereitura da casa, paseniño, demorándonos nos postos de paxaros e flores, parolando sinxelamente...”

“A pesar de se opo-la familia, emprincipiamos a saír xuntos os días santos. Qué ledas e qué lizgairas decorrían as horas. Pero ó escurecer había estar na casa e eu renegaba de tanto control desaforado. Máis tarde comprendín que tal era a mentalidade xeral de entón e, por outra banda, en certa maneira, quizabes fóra mellor que a libertinaxe de agora...”

“Na miña mocidade a xuventude era máis romántica e máis idealista porque os noivos non lles era doado estar sós de parrafeo. Por iso as cativas mañas con que argallabámo-los nosos encontros –fortuitos– enchiamos dunha ledicia que non sabería explicar...”

No derradeiro ano dos corenta, a Montse rebordaba felicidade. Na plenitude da súa xuventude casara co Delmiro. El xa era un oficial obreiro; ela, a pesar dos seus estudos, preferira traballar nunha oficina. Gañaban inda ben e o porvir semellaba resolto.

Encetaron a nova década co froito celmoso dunha meniña que era o seu agarimo e a xoia máis prezada. A vida sorríalles. As fins de semana pasábanas en Vilaseca e, durante as vacacións, o seu deus era viaxar e, inda que curto –o Delmiro herdara a vocación mariñeira do pai– fixeron un cruceiro polo Mediterráneo.

“Eramos felices –díxome esmagada pola dor– Xa me daba o corazón que aquilo era un soño. ¿Por que, meu Deus, baleiraches enriba de min tanto asaño?”

Funlle ó enterro. O coitado morrera de accidente laboral. Era un cadro esmagador: A Montse enloitada, esnaquizada pola desgracia, a carón de súa meniña de cinco anos, magoaba o corazón. Tamén o pai do Delmiro morrera de accidente no mar; ¿Era o destino?; ¿Era unha malafada?

A felicidade duráralle pouco á coitada muller. Semellaba que o seu peito non aturaría o “shock”; pero o anxo, froito de tan grande amor, fixo o milagre. E decorrerón os anos e a meniña medrou en garridez e sabencia. As privacións da nai, compangadas cos degaros de saber da Sabeliña, conqueriron a meta. E a filla do Delmiro agasalouna cun título superior: Licenciatura en Medicina.

A Montse sentíase orgullosa:

“Ve-la Sabeliña –decíame– é ve-lo seu pai. Igual de agarimosa comigo, traballadora e teimuda ata acada-lo que se propón. É o espello do Delmiro. A ela débolle o ter aturado aquela inxusta labazada do destino, da cal non era merecente. Agora logo serei avoa. O meu xenro, doutor en medicina, inda que menos comunicativo e falangueiro, tamén é bo. Vivimos felices os tres e, o conforto de ser avoa, dame máis azos. Dime o corazón que será un meniño e levará o nome do avó. Acordárono así os meus fillos: ...”

¡Coitada! ¡Non é de estrañar que louqueara! O suceso publicouse nas primeiras páxinas de todo-los xornais. A foto encollía a alma. Ó pé podía ler:

“A Doutora Sabel Ferreiros Vallés morreu de accidente ó sairse da autoestrada o coche, que ela mesma conducía, batendo contra unha árbore. Os bombeiros tiveron que traballar dúas horas para dar sacado o cadáver, apreixado entre ferranchos retorcidos”.

No enterro da Sabel a nai blasfemaba contra o ceo, que novamente poñía a proba o seu espírito. Diante do cadaleito, que agachaba o xove corpo exánime, froito do seu amor co Delmiro, á Montse varréuselle o xuício para sempre. ¡Máis lle valera morrer tamén!

“¡Que mala sorte! –salaiaba unha parente– Catro xeracións co mesmo fado cruel: O pai de Delmiro morreu afogado no mar. El, de accidente no traballo. E agora á filla e ó meniño que ía nacer, matounos a autoestrada!...”